




# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS "RIO SARELA" A Peregrina- Santiago de Compostela



*[Handwritten signatures in blue ink]*


Con data do 24-04-2023 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1978/000567-1.

Asinado por: SISTEMA ÚNICO DE REXISTRO DA XUNTA DE GALICIA  
CVE: XGREX-d6e9eead-5f74-3a77-a104-45a4e2636317 | Verificación en: <https://sede.xunta.gal/cve>



Copia electrónica auténtica de documento en papel. Emitida: 04/04/2023 09:30:08  
Oficina de atención á cidadanía e rexistro: O00008826-Rexistro Xeral da Xunta de Galicia

CVE: IXJpQArD4kQ1  
Verificación: <https://sede.xunta.es/cve>



# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

## Índice

CAPITULO I: DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO .....	3
CAPITULO II: DOS SOCIOS/AS .....	4
CAPITULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN .....	5
CAPITULO IV: DOS RECURSOS ECONÓMICOS .....	9
CAPITULO V: MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.....	10
DISPOSICIÓN ADICIONAL.....	11

Con data do 24-04-2023 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 1978/000567-1.





## CAPITULO I: DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

**Artigo 1º.-** A Asociación de Veciños e Veciñas "RIO SARELA" constitúe unha entidade de carácter privado sen ánimo de lucro. A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable. O ámbito territorial onde se desenvolverán as súas actividades será toda a parroquia de A Peregrina no concello de Santiago de Compostela.

**Artigo 2º.-** Son fins da Asociación de Veciños e Veciñas "RIO SARELA" (A Peregrina) Santiago de Compostela.)

- Fomentar e promover a participación dos socios/as así como dos veciños e veciñas da parroquia na vida pública, co fin de contribuir a unha mellora da calidade de vida das persoas que habitamos esta parroquia.
- Defender os intereses dos asociados e veciños e veciñas da parroquia, así como asesorar aos veciños/as sobre estas cuestións e formular propostas de solución as autoridades competentes.
- Apoiar e promover actividades culturais, lúdicas e deportivas orientadas ó desenvolvemento integral do individuo e da comunidade.
- Intervir, denunciar, cooperar e tratar de resolver os problemas que, en materia de urbanismo, vivenda, sanidade, mobilidade e accesibilidade urbanas, afecten aos veciños e veciñas da parroquia en xeral e aos asociados en particular.
- Promover o desenvolvemento das actividades agrícolas e gandeiras da zona.
- Promover a defensa do contorno ambiental urbano e natural.
- Informar aos asociados dos recursos que, en materia de acción social e servicios sociais, poñan a disposición da cidadanía as diferentes Administracións Públicas así como fomentar o asesoramento sobre o acceso ás redes e recursos sociais.
- Promover a defensa do consumidor por tódolos medios legais podendo constituír comisións para fins concretos deste tipo.





## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

Ningún socio/a nin directivo poderá empregar a Asociación para fins políticos nin partidistas.

**Artigo 3º.-** Para levar a cabo o seus fins, poderá a Asociación realizar as seguintes actividades:

- Conferencias, charlas formativas
- Actividades deportivas, artísticas e culturais
- Excursións
- Cursos
- Asesoramento
- Intervencións diante das administracións públicas, organizacións e entidades xa sexan públicas ou privadas.

A enumeración destas actividades e servicios non exclúe poder programar outras diferentes para o mellor cumprimento dos fins da Asociación.

**Artigo 4º.-** O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de Santiago de Compostela, lugar de A Peregrina, nº 12 C.P. 15898.

**Artigo 5º.-** A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

### **CAPITULO II: DOS SOCIOS/AS**

**Artigo 6º.-** Para adquirir a condición de socio/a da Asociación de Veciños e Veciñas "RIO SARELA", bastará con solicitalo e acreditar a súa condición de veciño e/ou veciña, ser maior de idade e ter capacidade de obrar. Tamén poderán ser socios/as aquelas persoas que non tendo fixada a residencia na parroquia, se distinguen pola defensa dos valores sociais da Peregrina, representen intereses relacionados coa problemática socio/a económica do lugar, que e se sometan a estes estatutos.





## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

**Artigo 7º.-** Todos/as os/as socios/as teñen iguais dereitos desde o momento da súa admisión, sempre que estean ó corrente do pago das cotas e cumpran as normas estatutarias.

**Artigo 8º.-** Os/as socios/as teñen os seguintes dereitos:

1. Asistir ás Asambleas Xerais con voz e voto.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Participar nas actividades comúns que organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Dispoñer dos servizos e beneficios que a Asociación poda facilitarlles.
5. Ter copia destes Estatutos.
6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
8. Ofrecer suxestións e iniciativas á Xunta Directiva e elevar propostas á Asemblea Xeral.
9. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

**Artigo 9º.-** Son obrigas dos asociados:

1. Satisfacer as cotas periódicamente.
2. Colaborar amplamente coa Asociación, prestándolle a asistencia posible en pro dos intereses comúns, en favor dos asociados e o vecindario máis necesitado.
3. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
4. Cumprir os preceptos dos presentes Estatutos e dos Regulamentos internos da Asociación que se aproben na Asemblea Xeral.
5. Informar dilixentemente á Xunta Directiva dos asuntos dos que esta poida intervir.
6. Procurar a máis estreita colaboración entre os socios/as e veciños/as.

**Artigo 10º.-** A admisión dos/as socios/as é facultade da Xunta Directiva, que decidirá a procedencia ou non da admisión, segundo as condicións establecidas nestes Estatutos. A Xunta Directiva estará obrigada a declarar procedente a admisión de todos aqueles que, solicitándoo en forma, cumpran os requisitos establecidos nestes Estatutos. Soamente será facultativa a non admisión pola Xunta Directiva cando o/a presunto socio/a fora expulsado con anterioridade da mesma asociación.





## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

### **Artigo 11º.-** A condición de asociado pérdese:

1. Por baixa voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
2. Por falta de pago nas cotas durante dúas anualidades consecutivas, unha vez informada a Xunta Directiva.
3. Por negativa a satisfacer calquera apartación extraordinaria aprobada pola Asemblea Xeral, a non ser por causa xustificada, a xuízo da Xunta Directiva.
4. Polo acordo da Asemblea Xeral, cando o/a socio/a realice calquera acto ou omisión voluntario en prexuízo dos fins da Asociación.
5. Neste caso abrírase un expediente pola Xunta Directiva, quen concedido un prazo ó inculpado, non inferior a 72 horas, para que alegue por escrito o pertinente o seu descargo, e decidirá provisionalmente sobre a procedencia da súa expulsión.

O socio/a que causara baixa por calquera destes motivos non ten dereito algún a indemnización ou retorno das súas apartacións á Asociación.

Contra a decisión da Xunta Directiva acordando a baixa dun socio/a, poderá este recorrer á Asemblea Xeral, decidido esta, na primeira reunión que se celebre tras dar audiencia interesado. En ningún caso será executivo o acordo da Xunta Directiva.

### **CAPITULO III: DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

**Artigo 12º.-** Corresponde a plena soberanía da Asociación á Asemblea Xeral. Non obstante, por delegación e mandato desta, o goberno, administración e representación da mesma se transfire de modo permanente á Xunta Directiva, que renderá conta ante a Asemblea.

**Artigo 13º.-** A Asemblea Xeral designará por votación a Xunta Directiva que terá, cando menos, os cargos seguintes:

- Presidente/a
- Vicepresidente/a
- Secretario/a
- Tesoureiro/a
- 3 vogais como mínimo





## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

O/a Presidente/a da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra. A Xunta Directiva será nomeada pola Asemblea Xeral Extraordinaria, por votación secreta entre os socios/as. As candidaturas deberán incluír catro nomes como mínimo; Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a e Tesoureiro. O prazo de presentación rematará 7 días antes daquel no que se vai a realizar a votación.

No seu momento faranse públicos no domicilio social da Asociación, os nomes dos candidatos aspirantes a cada cargo. Efectuada a correspondente votación, resultará elixida a candidatura que obtivera maioría numérica de votos, tendo lugar a proclamación na mesma Asemblea. A Xunta Directiva acordará o procedemento para designar encargados das seccións que no seu momento se creen entre os vogais da propia Xunta.

**Artigo 14º.-** A actuación da Xunta Directiva é decisoria e executiva. Os seus acordos requiren a maioría simple.

**Artigo 15º.-** Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas. Os asesores percibirán os honorarios que en cada caso se conveña pola súa actuación profesional.

**Artigo 16º.-** A Xunta directiva poderá desenvolver a súa actividade nun contorno dixital, motivo polo que a constitución de dito órgano, as comunicacións e a adopción de acordos poderá realizarse por medios electrónicos.

Nas sesións que a Xunta Directiva celebre a distancia, os seus membros poderán encontrarse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos, e audiovisuais, a identidade dos suplentes de ser o caso, o contido da súas opinións, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos, o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

A Xunta Directiva reunirse cada tres meses, baixo a presidencia do Presidente/a ou Vicepresidente/a, no seu defecto.






## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

A Xunta Directiva considerarase constituída sempre que, previa convocatoria, se atope no local onde deba ter lugar a reunión ou a distancia, alomenos o Presidente/a ou no seu defecto o Vicepresidente/a, o Secretario/a, o Tesoureiro/a e dous membros máis.

Poderá reunirse a Xunta Directiva con carácter extraordinario cando o soliciten a metade máis un dos seus compoñentes.

As reunións da Xunta Directiva serán presididas polo/a Presidente/a e, na súa ausencia, polo/a Vicepresidente/a.

**Artigo 17º.-** O/a Presidente/a da Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- 
- Convocar as Asembleas, presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
  - Propoñer o plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
  - Cumprir e facer cumprir os acordos da Xunta Directiva e da Asemblea.
  - Ordenar os pagamentos acordados válidamente.
  - Representar a Asociación perante calquera organismo público ou privado.
  - Asinar as actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación.
  - Resolver por si mesmo toda cuestión que pola súa importancia ou urxencia sexa necesario para o mellor cumprimento dos fins da Asociación, vindo obrigado a dar conta á Xunta Directiva.

**Artigo 18º.-** O/a Vicepresidente/a substituirá ó/á Presidente/a en caso de ausencia ou enfermidade; por delegación súa exercerá ás súas funcións e presidirá as sesións de meirande importancia que determine o/a Presidente/a.

**Artigo 19º.-** O/a Secretario/a terá as seguintes funcións:

- Redactará e asinará todos os documentos que emanen da Xunta Directiva.
- Levará un libro de Socios/as no que constará o número de orde, data de ingreso, data de baixa, nome e apelidos, enderezo, nacionalidade.
- Levará un libro inventario de todos os bens, mobles e inmobles que posúa a Asociación.





## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

- Redactará as Actas das Asembleas Xerais e das reunións da Xunta Directiva e asinará co e Prace do/a Presidente/a.
- Formalizará nun libro o rexistro das Actas das reunións dos órganos de goberno e representación.
- Levará a correspondencia e librará as certificacións con referencia ós libros e documentos da Asociación co Visto e Prace do/a Presidente/a, asinará xunto o/a Presidente/a as convocatorias das Asembleas.
- Presentará a Asemblea Xeral unha memoria anual sobre a labor desenvolvida durante o ano pola Asociación e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade.

**Artigo .20º.-** O/a Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación.

- Intervirá coa súa sinatura en tódolos documentos de cobro e pago co Visto e Prace do Presidente/a, levará os libros de gastos e ingresos de contas correntes, redactará os orzamentos e balances así como o estado das Contas, ordenará o cobro das contas e en xeral terá o seu cargo todo o funcionamento económico da Asociación, que deberá ter sempre ó día e a disposición dos socios/as os días que determine a Xunta Directiva.
- Terá o seu cargo os libros oficiais de contabilidade e os auxiliares e necesarios, así como o libro de rexistro de socios/as, de altas e baixas e en xeral todas aquelas funcións de tipo contable ou fiscal que poderá haber lugar.
- No caso de ser necesaria a colaboración dunha persoa para o desenvolvemento das súas funcións, a Asemblea Xeral nomeará a proposta do/a Presidente/a ou da Xunta Directiva.

**Artigo 21º.-** Os vocais corresponderalles dar conta á Xunta Directiva da súa xestión normal e das extraordinarias que lles fosen encomendadas; estudar e votar os puntos que se decidan no seno da Xunta Directiva, suplir ós demais membros da Xunta nos casos e formas previstas nestes Estatutos e en xeral, desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva e realizar os programas e facer propostas na súa área de actuación.

**Artigo 22º.-** Os cargos da Xunta Directiva elixíranse pola Asemblea Xeral e durarán un período dun ano, podendo ser reelixidos.





## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

Nos casos de ausencia, enfermidade, dimisión ou vacante de calquera dos membros da Xunta Directiva, e ata non se proceda a súa elección, substituirase o/a Presidente/a e o/a Secretario/a polo Vicepresidente/a e o Tesoureiro polo vocal de máis idade.

Producida unha vacante nun vocal cubrirase provisionalmente por designación da Xunta Directiva, procedéndose a súa elección na primeira Asemblea Xeral que se celebre, entendéndose que a duración do cargo elixido será igual á da que restase do cargo vacante. O Secretario/a ou, no seu defecto, polo vocal de máis idade levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

### **Artigo 23º.-** Son funcións da Xunta Directiva:

- A plena representación legal da Asociación, sendo representada a súa vez polo/a presidente/a
- Asesorarse e asistirse das persoas axeitadas, ao seu xuízo, para o mellor cumprimento da súa misión
- Resolver provisionalmente sobre a admisión de socios/as
- Coidar o exacto cumprimento dos presentes Estatutos e das normas e acordos en vigor
- Trazar as orientacións para promover mellor os fins da Asociación, arbitrando os medios axeitados para elo
- Contratar e formalizar os contratos necesarios
- Decidir dentro das súas atribucións, sobre as queixas, reclamacións, suxestións e propostas formuladas por ou contra os socios/as
- Resolver, provisionalmente, sobre a baixa dos socios/as
- Propor a Asemblea Xeral, previo estudo, a reforma dos presentes Estatutos
- Delegar as súas facultades, designando membros das diversas seccións de entre os vocais da mesma e conferindo os poderes que estime necesarios para a misión encomendada
- Convocar as Asembleas xerais, tanto ordinarias como Extraordinarias
- Convocar elección de cargos





**Artigo 24º.-** Os membros da Xunta Directiva poderán causa baixa por:

1. Renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva,
2. Por comisión de faltas que repercutan no incumprimento das obrigas que tivera encomendadas,
3. Pola ausencia inxustificada a dúas reunións consecutivas da Xunta Directiva ou cinco alternas no transcurso dun ano.
4. Por expiración do mandato.

Nos casos dos anteriores apartados 2º e 3º a Xunta Directiva ordenará a apertura de expediente de información e alegacións do interesado no seu descargo, podendo substituírle por quen estatutariamente lle corresponda e convocar Asemblea Xeral Extraordinaria para que decida quen decidirá.

**Artigo 25º.-** A Asemblea Xeral de socios/as é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma.

As Asembleas Xerais serán dirixidas polo Presidente da Asociación e, non seu defecto, polo Vicepresidente ou por calquera membro da Xunta Directiva que esta designe expresamente.

**Artigo 26º.-** A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez, ó ano, sendo convocada coa antelación de quince días, e con carácter extraordinario tantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten a décima parte dos socios/as para tratar aqueles problemas que se consideren a xuízo dos interesados de excepcional importancia. Neste último caso realizarase coa antelación mínima de quince días. No caso de que sexa a solicitude dos socios/as por medio de escrito dirixido ó/á Presidente/a, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Artigo 27º.-** A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse no primeiro trimestre de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas por medio de escrito, no que figurará a orde do día, lugar, data e hora da primeira e segunda convocatoria.






## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

**Artigo 28º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aprobar a xestión da Xunta Directiva.
2. Aprobar o plan de actividades.
3. Examinar e aprobar a memoria de actividades.
4. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
5. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das cotas.
7. Someter a debate e, de ser o caso, aprobar os informes, documentos e resolucións que así lo requiran presentados pola Xunta Directiva.
8. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.

**Artigo 29º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- 
1. Modificar os Estatutos da Asociación.
  2. Elixir e nomear os integrantes da Xunta Directiva.
  3. Aprobar a federación con outras Asociacións.
  4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
  5. Acordar a disolución da Asociación.
  6. Designar os/as liquidadores/as.
  7. Solicitar a declaración de utilidade pública da Asociación.
  8. Aprobar o regulamento de réxime interno da Asociación.
  9. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.
  10. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

**Artigo 30º.-** Para que as asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados asistentes, sempre que concorran a metade máis un dos socios/as na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, co número de socios/as que asistan.

**Artigo 31º.-** Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes, excepto os relativos os apartados 7º do artigo 28 e 1 do artigo 29, que requirirán a aprobación das 2/3 partes dos asistentes. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas que asignara o/a Presidente/a, o/a Secretario/a





## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

da Asamblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asamblea Xeral e aprobada por maioría.

**Artigo 32º.-** Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos socios/as, incluso ós non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o/a Presidente/a. Seguidamente procederase por parte do/a Secretario/a á lectura da acta da Asamblea anterior que deberá ser aprobada. Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día levantarase a sesión por parte do/a Presidente/a.

**Artigo 33º.-** Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asamblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

### CAPITULO IV: DOS RECURSOS ECONÓMICOS

**Artigo 34º.-** A Asociación comeza o seu funcionamento con ningún patrimonio fundacional.

O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural.

**Artigo 35º.-** A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo/a Tesoureiro/a da Asociación, que deberá telo preparado antes do un de febreiro de cada ano a fin de que poda ser aprobado na Asamblea Xeral Ordinaria.

**Artigo 36º.-** A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos socios/as.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.





## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS “RIO SARELA” A Peregrina- Santiago de Compostela

4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso lícito admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

**Artigo 37º.-** A cota dos socios/as será fixada na cantidade anual que a Asamblea Xeral acorde, coa posibilidade de modificación posterior pola mesma Asamblea. O sistema recadatorio establecerase pola Xunta Directiva.

**Artigo 38º.-** Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboráranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as.

**Artigo 39º.-** Para a extracción de fondos das entidades bancarias onde a asociación teña depositados os mesmos, deberán ter recoñecidas a sinatura na entidade bancaria correspondente o/a Presidente/a, o/a Vicepresidente/a e o/a Tesoureiro/a para a utilización mancomunada de dous deles.

Malia ao anterior, facúltase ó/á Tesoureiro/a para retirar fondos das entidades bancarias onde a asociación teña depositados os mesmos de xeito solidario e cun límite de seiscentos euros ( 600,00 €) no exercicio económico de cada ano.

### CAPITULO V: MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

**Artigo 40º.-** Para a modificación dos presentes Estatutos será preciso o acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada a tal fin . A convocatoria da Asamblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de quince para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaria as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asamblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á realización da mesma.

**Artigo 41.-** Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable das 2/3 partes dos socios/as.





## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E VECIÑAS "RÍO SARELA" A Peregrina- Santiago de Compostela

**Artigo 42º.-** A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes dos asistentes.
2. Por outras causas determinadas legalmente.
3. Por sentenza xudicial.

Non poderá disolverse a Asociación en tanto que desexe continuar o 10% dos asociados da cifra media de socios/as durante toda a vida da asociación.

**Artigo 43º.-** Acordada a disolución, a Asamblea Xeral extraordinaria designará unha Comisión Liquidadora integrada por dez membros da Xunta Directiva, que procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 44º.-** O haber resultante unha vez efectuada a liquidación destinarase a outra entidade de natureza non lucrativa de fins semellantes ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previstos nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

**DILIXENCIA PARA FACER CONSTAR QUE** os presentes estatutos da Asociación de Veciños e Veciñas "Río Sarela" quedan redactados segundo as modificacións aprobadas na Asamblea Xeral Extraordinaria que tivo lugar o 5 de febreiro de 2023.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2023

Visto e prace

O presidente da AAVV Río Sarela

José Antonio Domínguez Varela

A secretaria da AAVV Río Sarela

Sonia Sánchez Otero



**Asunto:** Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 5 de abril de 2023 recibíuse solicitude de inscripción da modificación dos estatutos, formulada por JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ VARELA en nome e representación da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "RIO SARELA", inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. **1978/567-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral en data 5 de febreiro de 2023, así como o texto íntegro dos estatutos que substitúen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. A xefa territorial da Coruña é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir os estatutos modificados da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "RIO SARELA" e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito único desta resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

